

**Acta do Tribunal seleccionador do proceso selectivo para a provisión dunha praza de albanel, persoal laboral temporal, incluída dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña.**

En Cabanas, a 28 de marzo de 2022, sendo as 08:30 horas, reúnen no Concello de Cabanas as seguintes persoas designadas como integrantes do Tribunal Cualificador no proceso selectivo para a provisión dunha praza de albanel, persoal laboral temporal, incluída dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, segundo bases da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía 341/2022, de data 21 de marzo de 2022, publicadas na sede electrónica municipal.

Presidenta: Presidenta: Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do Concello de Cabanas..

Secretaria: D<sup>a</sup>. Susana Fernández Muiño, Secretaria-Interventora do Concello de Cabanas.

Vogais: D<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez Fraga, funcionaria de carreira do Concello de Cabanas.

D. Juan Carlos Anca Santos, funcionario de carreira do Concello de Cabanas

D. José Javier Fonte Varela, funcionario de carreira do Concello de Cabanas,

A Presidenta declara constituído o acto e, de seguido, procédese a determinación do contido da proba tipo test, consistente en 20 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta, sobre o temario establecido no Anexo I das bases da convocatoria.

Sendo as 09:00 horas, procédese ao chamamento das persoas aspirantes incluídas na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Ferrol, aprobada por Resolución da Alcaldía 365/2022, de data 25 de marzo de 2022, comezando a proba tipo test da fase de oposición ás 10:10 horas

Rematada a proba tipo test o Tribunal Cualificador procede á corrección de dita proba, obtendo o seguinte resultado:

Apelidos e nome	DNI	Puntuación proba tipo test
Alami Íñiguez, Brahim	*****617-C	5,50
Boo Pérez, Lorena	Non presentada	Non presentada
Figueirido Da Silva, Fernando	*****380-R	Non apto
Morado Martínez, Francisco	*****522-Z	8,00
Prada Meléndez, Alfonso	*****781-K	7,50
Rey Fachal, Nicolás	*****084-R	10,00

Visto que todas as persoas aspirantes que superaron a proba tipo test non achegaron documentación xustificativa dos méritos establecidos nas bases da convocatoria, de seguido procédese á determinación definitiva do resultado do proceso selectivo, ordenado por orde decrecente de puntuación:



## RESULTADO PROCESO SELECTIVO

Apellidos e nome	DNI	Puntuación proba tipo test
Rey Fachal, Nicolás	*****084-R	10,00
Morado Martínez, Francisco	*****522-Z	8,00
Prada Meléndez, Alfonso	*****781-K	7,50
Alami Íñiguez, Brahim	*****617-C	5,50

De conformidade co establecido no punto 10 das bases da convocatoria o Tribunal propón a **D. Nicolás Rey Fachal, para a súa contratación como albanel**, persoal laboral temporal do Concello de Cabanas, ao abeiro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, por obter a maior puntuación no proceso selectivo.

Establécese unha **listaxe de reserva** coas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación, para posibles renuncias, substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, exercicio 2022, sendo a que a continuación se detalla:

Apellidos e nome	DNI	Puntuación proba tipo test
Morado Martínez, Francisco	*****522-Z	8,00
Prada Meléndez, Alfonso	*****781-K	7,50
Alami Íñiguez, Brahim	*****617-C	5,50

Non sendo outro obxecto da presente reunión, sendo as dez horas e trinta minutos, levántase a sesión, dispoñendo a Sra Presidenta que se redacte a presente acta, que asinan os membros do Tribunal, do que eu, como Secretaria, certifico.

